

Comeza no Centro Ramón Piñeiro o XIII curso 'A Literatura Infantil e Xuvenil. Relacións Texto-Imaxe'



O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez, inaugurou hoxe á tarde na sede do Centro Ramón Piñeiro o Curso de Formación 'A Literatura Infantil e Xuvenil. Relacións Texto-imaxe'

Autor: Xoán Crespo

As xornadas están organizadas polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, o Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela e a Asociación de Escritores en Lingua Galega

Santiago, 11 de novembro de 2016

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez, inaugurou hoxe á tarde na sede do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH) o XIII Curso de Formación 'A Literatura Infantil e Xuvenil. Relacións Texto-imaxe', que este ano se dedicará ás

“Obras imprescindibles para o ensino primario e secundario sobre a representación do mundo árabe na literatura infantil e xuvenil (LIX)”.

Valentín García destacou “o papel dos mediadores -bibliotecarios, pais e nais e mais docentes, aos que vai dirixido de xeito preferente este curso- para abrílles aos nenos e mozos as portas da lectura en galego e, con ela, do coñecemento doutras realidades e culturas a partir da propia”.

Na sesión inaugural, o secretario xeral estivo acompañado por Ana María Porto Castro, directora do Instituto de Ciencias da Educación (ICE), e mais polas coordinadoras do curso, as profesoras Carmen Franco Vázquez e Blanca-Ana Roig Rechou, que é tamén directora do proxecto do CRPIH “Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil”.

Planificación da educación literaria e artística

O CRPIH da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o ICE da Universidade de Santiago e a Asociación de Escritores en Lingua Galega organizan o XIII Curso de Formación inaugurado hoxe. Dirixido a mestres, profesorado de ensino secundario e a calquera persoa interesada no tema, ten como finalidade formar e informar sobre a representación do mundo árabe na LIX a partir das relacións texto-imaxe, co obxectivo de salientar aquelas obras que se consideran imprescindibles para a formación lectora no ensino primario e secundario e así axudar á planificación da educación literaria e artística.

Se a sesión de hoxe se desenvolveu no Pazo de San Roque, sede do CRIPH, as dos días 12 e 18 de novembro terán lugar na Biblioteca Afundación. Durante as tres xornadas de traballo analízanse obras imprescindibles, realízanse obradoiros literarios e artísticos e mais encontros con autores. Trátase dunha formación considerada transcendente en ámbitos básicos como a formación e a comprensión lectora e escrita.

Investigación en LIX

O CPRIH, dependente da Consellería de Cultura e Educación, ten a finalidade de promover, desenvolver e darlles difusión a proxectos galegos de estudos lingüísticos, literarios, históricos e antropolóxicos. Unha das súas liñas de investigación actual xira arredor do proxecto “Investigación en literatura infantil e xuvenil”, dirixido pola profesora Blanca Ana Roig-Rechou.

Este proxecto, creado a finais do ano 2012, abrangue os traballos que con periodicidade anual elaboran sobre LIX galega e doutros ámbitos lingüísticos a Rede Temática de Investigación “As Literaturas Infantís e Xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIXMI) , a Asociación galego-portuguesa de investigación en LIX ELOS, a Asociación de Investigación en Literatura Infantil e Xuvenil ELOS-Galicia e o Grupo de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela LITER21 (GI-1819).

Imaxes relacionadas